

INSTRUCCIÓN 2/2009, DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE SINATURA DE ACTAS ACADÉMICAS.

A elaboración e cobertura de actas académicas naqueles supostos nos que o número de asinantes é elevado pode provocar problemas importantes de retraso na súa sinatura e polo tanto na imputación das notas aos expedientes.

Esta Instrución busca equilibrar o dereito de cobertura das actas e a necesidade de axilizar a súa sinatura establecendo procedementos máis áxiles.

Por outra banda cómpre clarificar, dado o incremento de colaboradores/as docentes, quen pode asinar as actas, sen prexuízo do dereito de impartir a docencia e figurar no POD.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral, resolve:

PRIMEIRO.- SINATURA DE ACTAS NAS QUE FIGURAN VARIOS PROFESORES

No caso de que figuren varios/as profesores/as responsables dunha materia, establecerase un coordinador/a. No POD o Departamento terá a opción de que o coordinador/a sexa quen asume a sinatura das actas ou ben que sexan os/as profesores/as responsables da mesma. Neste último caso o número máximo de profesores/as que poderán asinar a acta será de catro e serán os que teñan a maior carga lectiva. O resto dos profesores/as poderán introducir as cualificacións e figurarán na acta, pero non serán responsables da súa sinatura.

O Departamento tamén poderá nomear coordinador/a con capacidade para asinar as actas con posterioridade a aprobación do POD, pero sempre con anterioridade a apertura do período de actas. Neste caso comunicarse en calquera momento tal circunstancia por correo electrónico ao Servizo de Xestión de Oferta e Programación Académica, que o introducirá na aplicación informática.

Os/as responsables de asinar as actas conforme o establecido nos parágrafos anteriores o serán tanto para as actas ordinarias como para as asinadas mediante sinatura dixital.

A Secretaría Xeral resolverá os problemas puntuais como consecuencia da falta ou imposibilidade de asinar as actas por parte dalgún profesor/a en actas con varios profesores/as, sempre coa finalidade de poder imputar ao expediente as cualificacións outorgadas no menor período posible.

SEGUNDO.- SINATURA DE ACTAS POR COLABORADORES/AS DOCENTES

As actas serán asinadas polas persoas que teñan a condición de profesor ou profesora na data de cobertura das actas.

As categorías de profesores/as son as que figuran na LOU e na normativa autonómica, así como o profesorado de centros adscritos con *venia docendi*. Non obstante o anterior se permitirá asinar as actas ao persoal dos programas *Ramón y Cajal* e *Parga Pondal*, sempre que figuren no respectivo POD.

Non poderán asinar as actas outros colaboradores docentes en programas de fomento da investigación, nin os bolseiros nin o profesorado *ad honorem*.


TERCEIRO.- ENTRADA EN VIGOR.

A presente Instrución entrará en vigor na data de rexistro de saída.

Corresponde á Secretaría Xeral ditar as normas ou aclaracións para a efectiva execución e desenvolvemento da presente Instrución.

Santiago de Compostela, 03/02/2009

A SECRETARIA XERAL



Isabel García-Rodeja Gayoso